


TERRA DE OUTES 46

Abril - Xuño 2019

1€



neste nº

A xurisdición de Muros (X)
Serradoiro do Cunchido (III)
Sancosmeiros (e II)
Uns días na Ribeira Sacra (e II)
A quen votar nas próximas eleccións?
Emilio Cao
... e as nosas seccións habituais

Entrevista a...
Carmen Alborés Maceiras

Editorial

O VOTO FEMININO NAS VINDEIRAS ELECCIÓN

Corría o ano 1810 a primeira vez que os homes puideron votar en España baixo circunstancias especiais, e o ano 1820 cando votaron nunhas eleccións xerais normais. A primeira vez que as mulleres puideron votar en España foi no ano 1933. Máis de 100 anos de diferenza. 123 anos -113 se o preferides- foi o que lles custou ás nosas irmás conseguir un dereito que deberiamos ter só por ser persoas, independentemente do xénero. De verdade imos tirar por terra todo aquilo polo que loitaron?

Con este período de eleccións á vista o que temos que facer as mulleres é votar. Máis que nunca. Non vale de nada saír ás rúas o SM, superando cada ano o número do anterior e avanzar por esta vía, se non cambiamos o sistema dende dentro, se quedamos na casa cando deberiamos estar presentes nas urnas. Fóra o machismo dos cargos que nos representan a TODOS. Votemos polas que non tiveron a oportunidade durante eses 123 anos, por nós, e polas que virán. En 4 anos poden pasar moitas cousas: máis sentenzas sen pés nin cabeza que só os benefician a eles, derogación de leis tan importantes coma a do aborto ou a da violencia de xénero, etc. Logo sairemos a manifestarnos e facer ruído, pero ás veces non somos conscientes de que o poder do cambio está nas nosas mans, e non ir votar é quedar caladas.

Temos que votar a un partido que nos dea voz, que nos teña en conta de verdade, e non só de escaparate "de trás dun gran home". As grandes mulleres debemos aparecer á mesma altura ca eles, merecemos dar a cara. Debemos buscar o partido co que máis identificadas nos sintamos, o que máis se interese por unha igualdade real, que siga sumando ao que xa conseguimos e que en ningún dos casos reste ou recorte, porque aínda queda moito polo que loitar, e non podemos permitirmos desandar. Non podemos dar carta branca a que un par de señores con ideas dementes aos que dá medo ór decidan o noso destino.

Que o voso voto non estea influenciado por ninguén que non sexades vós mesmas loitando polos dereitos e a igualdade que tantos séculos nos foron denegados. Somos o 50% da poboación. Se non miramos por nós, eles non o van facer. Marquemos a diferenza nestas eleccións.

Diccionario xeográfico Xoán Mariño

- Baracaldo.** Caldo propio do lugar de Bara, en S. Cosme.
Breixpto. Saída británica de Europa rumbo a África.
Gambia. País africano de onde proceden os gambierros, tipos que se adican a facer trasnadas, sen dó de ningunha clase.
Golfo de Bengala. Un bengalí que se divirte botando bengalas nos campos de fútbol.
Golfo de Cádiz. Un gaditano maleante.
Golfo Pérsico. Un ladrón da historia de Alí-Babá.
Grecia. País mediterráneo de onde son naturais os greciosos, xente que vai de simpética.
Latonia. País báltico primeiro produtor mundial de lata e latón.
Liberia. País de onde proceden os líberos, futbolistas que xogan en posición de "libre", no eixe da defensa.
Patagonia. En Arxentina, acción de estira-la pata ou agoniar.
Timor. Illa indonesia habitada por timoratos, persoas pacatas e medoñentas.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

E-mail: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



Deputación
DA CORUÑA

cocina caseira, natureza e
silencio

 CASAPERFEUTOMARIA
cabanamoura


Asemblea anual

O sábado 19 de xaneiro a nosa asociación celebrou no seu local social do lugar de Outes a XIV asemblea anual. Nela, ademais de ser aprobado o exercicio económico do 2018, fíxose balance da actividade do mesmo período e adiantouse o programa de actos do presente ano, no que se priorizará a continuidade desta revista; tamén se adicará boa parte dos nosos esforzos á actividade marítima, que se vai redobrar, grazas ao incremento do patrimonio mariñeiro cun par de dornas e unha buceta doadas por particulares á nosa asociación. Logo tivo lugar unha comida a base de mexillóns ao vapor, seguidos dunha paella preparada polo socio Xesús Mato. Finalmente, Ramón Blanco, membro do consello de redacción da revista, presentou á sobremesa esta publicación que chegaba xa ao nº 45.



X Muiñada

Dos días 8 ó 11 de maio, con ocasión da publicación do libro *De Outes a San Telmo*, da autoría do emigrante de Outes na Arxentina, Domingo Sendón, a nosa Asociación organiza un congreso sobre a emigración galega con conferencias e outros actos para poñer en valor este escritor, así como render homenaxe a tódolos galegos e galegas que deberon abandonar a súa Terra para labrarse un futuro mellor, mais non esqueceron xamais a Galicia e as parroquias nas que naceran.



Feminismos

O pasado sábado, 9 de marzo, para conmemorar o Día da Muller Traballadora, a A.C.C.Terra de Outes organizou a presentación, na Casa da Cultura da Serra, de tres libros de contido feminista: *Ám@me*, de Chis Oliveira e Amada

Traba; *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, de Inma López Silva; e *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, de Carme Adán.

Acto ao que seguiu unha mesa redonda sobre a igualdade no que interviron Xoán Mariño, presidente da Asociación, as propias autoras e diferentes persoas do público asistente.



A xurisdición de Muros (X)

Xoán Fco. García Suárez

Lista de oficios das freguesías de San Cosme de Outeiro e San Xoán de Róo

Freguesía de San Cosme de Outeiro

Lista que eu, Juan Pedro Villaverde, Mordomo da Freguesía de San Cosme de Outeiro, dou para que conste na operación na que entende o Sr. D. Zecilio Morphi, Subdelegado, de todos os oficios, artes que hai na citada freguesía, cos seus soldos e utilidades que con distinción de clases é na maneira seguinte:

Escribán da Súa Maxestade: Juan do Rio. Regúlaselle de utilidade ao ano catrocentos reais.

Curtidores: Lucas Caamaño; regúlaselle de utilidade ao ano mil catrocentos reais, digo douscentos. Juan Zernadas, polo mesmo, oitenta reais. Matheo Fernández, polo mesmo. Andrés Romero polo mesmo. Joseph Martínez polo mesmo. Antonio do Monte polo mesmo. Manuel do Monte polo mesmo. Marzelo Villaverde polo mesmo. Blas Martínez polo mesmo. Francisco de Alborés polo mesmo. Domingo de Montes polo mesmo. Benito Martínez polo mesmo (xenro de Cosme Caamaño). Angel, fillo de Domingo Cerzón, polo mesmo. Juan Antonio Conde, xenro de Juan Blanco, polo mesmo. Tiburcio, fillo de Joseph Martínez, polo mesmo.

Nota: que cada un destes saca de utilidade ao ano oitenta reais.

Zapateiros: Ambrosio Pais, Francisco Blanco, Domingo de Rama, Joseph Martínez, Blas Martínez, Domingo Martínez, Silvestre Froján, Fernando Lestón, Joseph Moledo, Pasqual de Villaverde, Francisco Domínguez Vilariño, Juan Antonio Domínguez, Marcos de Agrafojo, Manuel Blanco, Cosme de Froján, Hestevan de Prol, Domingo Romero, Silvestre Martínez, Juan González, Andrés Romero, Domingo de Montes, Bartholome Blanco, Pasqual Romero, Antonio Pais, Lucas de Caamaño, Ambrosio de Lestón, Leandro Valado, Lorenzo Valado, Alberto de Monte, Agustín Caamaño, Andrés de Castro, Francisco Fernández, Manuel Fernández, Francisco de Lestón, Francisco de Alborés, Antonio de Monte, Pedro –fillo de Andrés Blanco–, Andrés –fillo de Alverto Blanco–, Ignacio González, Cosme –fillo de Alverto Zernadas–, Angel –fillo de Domingo Cerzón–, Manuel Domínguez –fillo de Domingo Moledo–, Juan Antonio –irmán de Andrés de Castro–, Joseph Pais –xenro de Geronimo de Castro–, Pedro –fillo de Ignacio de Castro–, Andrés –fillo de Juan Blanco Da Laxe–, Juan –fillo de Joseph Lestón–, Juan Antonio Conde –xenro de Juan Blanco–, Jacobo Zernadas –xenro de Juan Pedro Romero–, Ignacio –fillo de Joseph Romero–, Juan Fontenlos –xenro de Juan Zernadas–, Tiburcio –fillo de Joseph Martínez–, Andrés e Matheo –fillos de Marcos de Agrafojo–, Juan –fillo de Matheo Fernández–, Miguel –fillo de Pedro de Castro–, Pablo –fillo de Vitorio do Monte–.

A cada un destes regúlaselle ao día que traballan, de seis meses, un real de vellón.

Tecedeiros: Andrés Martínez, Juan Blanco, Juan de Cantariño, Cosme do Rio –fillo de Bentura Froján–, Domingo Moledo, Gregorio Romero, Francisco Nunez e Antonio Pais, Domingo Moledo –O Maior–. A cada un destes regúlaselle cada día que traballan de seis meses que o exercen, un real de vellón.

Carpinteiros: Ignacio de Castro, Cosme Caamaño, Domingo Cerzon, Pedro Piñeiro –xenro de Alverto Martínez–. A cada un destes regúlaselle de cada día que traballan de seis meses que o exercen, dous reais.

Xastres: Andrés de Caamaño, Pasqual San Paio, Silvestre Garcia e Juan Domínguez, Apolinar de Moledo, Pedro Froján, Caetano Martínez e Nicolas –fillo de Juan Figueira–. A cada un destes regúlaselle de utilidade o día que traballan de seis meses que o exercen, un real e dezasete marabedís.

Que son os oficios e artes coas súas utilidades que hai nesta freguesía, e por ser verdade, e non saberen asinar, rogo a un o faga por min. En dita freguesía. Febreiro, dezasete, de mil setecentos cincuenta e tres. Ao rogo, Andrés Fernández.

Emolumentos, cargas e devesas:

Juan Pedro Villaverde, Mordomo.

Relación que, como Mordomo desta freguesía, dou dos emolumentos, cargas e devesas da Súa Maxestade, que ten. É a seguinte:

Emolumentos: Ten esta freguesía un monte chamado Golfian e Olveira, cabida mil ferrados, inútil; Levante e Mediodía Mar;

Foto 1. Igrexa de S. Xoán de Róo. Na freguesía de Róo rexistráronse case unha ducia de ferreiros a mediados do século XVIII.



Poñente freguesía de San Xoán de Sabardes; e Norte a de San Xoán de Róo.

Pensións: Contribúe esta freguesía á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario, con douscentos trinta reais de vellón. Polos demais ramos, con mil cento setenta. Que ambas partidas fan a de mil catrocentas.

Devesas reais: Unha, chamada de Albeida, a carballos. Cabida cincuenta ferrados, de primeira calidade murallada.

Un número de dita devesa botada a carballos. Cabida catro ferrados, primeira calidade, murallado.

Que é o que dita freguesía ten. E por ser verdade, e non saber asinar, rogo a un o faga por min dita freguesía. Febreiro dezaoto de mil setecentos cincuenta e tres. Ao rogo, Andrés Fernández.

Freguesía de San Xoán de Róo

Relación que, como Mordomo desta freguesía dou dos **emolumentos, cargas e devesas** da Súa Maxestade, que ten. É a seguinte:

Emolumentos: Ten esta freguesía un monte chamado *Tremuzo e Costa de Róo*. Cabida mil ferrados. Levante, Mar; Poñente, freguesía de San Xoán de Sabardes; Norte, a de San Pedro de Outes; Mediodía San Cosme de Outeiro.

Pensións: Contribúe esta freguesía á Súa Maxestade con trescentos reais de vellón e polos demais ramos con mil catrocentos. Que ambas partidas fan a de mil setecentos.

Devesas e piñeiros reais: Unha chamada *Vella*, botada a carballos. Cabida trinta e dous ferrados de primeira calidade, murallada. Outra chamada *Nova*, botada a carballos, cabida vinte ferrados de primeira calidade, murallada. Un piñeiro chamado *Brión de Arriba*, cabida sesenta ferrados de primeira calidade.

Que é o que dita freguesía ten. E por ser verdade, e non saber asinar, rogo a un o faga por min. En dita freguesía. Febreiro quince de mil setecentos cincuenta e tres. Gerónimo Cambeiro. Lista que eu, Geronimo Cambeiro, como Mordomo da freguesía de **San Xoán de Roo** dou para que conste onde conveña, dos oficios que hai en dita freguesía, en que consisten e utilidades e distinción de sectores, que é da maneira seguinte:

Arrieiros de viño: Simón Figueira, regúlasele por este oficio, que exerce seis meses, setecentos vinte reais.

Mercader de viño: Simón Figueira, regúlasele saca de utilidade ao ano cen reais e de vendelo por si, cincuenta.

Estanqueiros: Francisco de la Cruz, Antonio de Montes, Antonio Romero e Juan de Vilariño. A cada un regúlasele sacan de utilidade ao ano, corenta reais.

Curtidores: Juan de Vilariño, Domingo de Alfara *O Mozo*, Ignacio Cambeiro, Domingo Romero, Agustín Moledo, Alverto Romero, Juan Andrés Lestayoy, Domingo Tubio, Antonio Vilariño –xenro de Antonio de Faia–, Juan Fiuza *O Mozo*, Domingo Lestayoy –fillo de Ana Freire–, Domingo Lestayoy, Pedro Lestayoy, Domingo de Castro, Andrés Martínez e Joseph Pais. A cada un destes regúlasele unha utilidade ao ano de oitenta reais.

Ferreiros: Francisco de Outeiro, Francisco Bezerra, Domingo Romero –xenro de Antonia Fernández–, Andrés Romero, Antonio Vicente, Andrés Bezerra, Pedro Romero, Juan Bezerra, Gregorio Bezerra, Juan Antonio Gonzalez, Domingo Romero e o seu fillo Basilio. A cada un destes regúlasele gaña o día que traballa en seis meses que o exercen tres reais de vellón.

Zapateiros: Andrés Sendón, Matheo Caamaño, Domingo



Foto 2. Escalinata dai Igrexa de S. Cosme de Outeiro. Nesta parroquia chama a atención o elevado número de zapateiros (56), oficio ao que se adicaban familias enteiras.

Tubio, Andrés Domínguez, Juan Cambeiro, Domingo Lestayoy, Juan Antonio Martínez –fillo de Alverto–, Ignacio Cambeiro, Juan Antonio Pais. A cada un destes regúlasele gaña o día que traballa en seis meses que o exercen un real de vellón.

Tecedeiros: Domingo Gallardo, Domingo García, Fernando Sabido –fillo de Paula Gómez–, Antonio Sabido, Pedro Cerzon, Ignacio Maian, Francisco del Río, Hestevan Ramos, Juan de Abelleira, Juan del Río e o seu fillo Pedro, Caetano Dos Santos, Manuel Romero –fillo de María Lucía Romero–. A cada un destes regúlasele gaña ao día que traballa dos seis meses que exercen, un real.

Canteiros: Domingo de Montes, regúlasele gaña, o día que traballa, dous reais, nos seis meses que o exerce.

Carpinteiros: Julian Romero e Pablo Cantariño. A cada un destes regúlasele gaña ao día que traballa dous reais, en seis meses que o exerce.

Xastres: Benito Romero, Manuel Martínez, Thomas Rioma, Carlos Rioma, Antonio Romero, Ignacio de Alvorés –xenro de Juan de Sendón–. A cada un destes regúlasele gaña o día que traballa en seis meses que o exerce, un real e sete marabedís.

Notarios: Caetano Dos Santos, regúlasele saca de utilidade ao ano cen reais de vellón.

Gaiteiros: Pasqual de Castro regúlasele saca de utilidade ao ano, corenta reais.

Que os oficios, artes e utilidades que hai en dita freguesía, hai por verdade. Febreiro quince, de mil setecentos cincuenta e tres. Geronimo Cambeiro.

Emolumentos, cargas e devesas:

Emolumentos do común: Ten esta freguesía un monte chamado Pedregal da Laxe, cabida mil. Inútil. Levante e Norte freguesía de Santa Mariña de Esteiro, Poñente e Mediodía, Mar.

Pensións: Contribúe esta freguesía á Súa Maxestade, por razón de servizo ordinario con corenta reais de vellón, e polos máis ramos con trescentos. Que ambas partidas fan a de trescentos corenta.

Devesas reais: Unha chamada Vilar, botada a carballos. Cabida sesenta ferrados, primeira calidade. Murallada.

Que é o que dita freguesía ten, e por ser verdade e non saber asinar rogo a un o faga por min. En dita freguesía. Febreiro catorce de mil setecentos cincuenta e tres. Ao rogo, Alonso Blanco.

O Serradoiro do Cunchido (III)

Mingucho Campos

Calquera desgraza acaecida no seu seo transtorna decote a orde natural dunha familia, o seu funcionamento como unidade e a disposición dos seus membros. Tal foi o caso da familia do patriarca Ramón Alborés Ramos. O tráxico accidente de Espiñeiro, xa descrito no anterior número desta revista, provocou trocos importantes non só na actividade industrial do serradoiro, senón tamén a descolocación de varios dos seus membros. Ramón e dous dos seus fillos, Carme e Xosé, trasladarían a súa residencia á Avda. Calvo Sotelo á vivenda coñecida como "Casa de Brandón", esquina coa rúa Serra de Abaixo -na actualidade R/ Compostela e esquina coa Avda. de San Campio- e o seu fillo Ramón -Moncho- deixaría a residencia na que vivía na Chainza -Noia- e ubicaríase coa familia na casa do Cunchido na que antes vivira seu pai, nai e irmáns e asemade pasaría a substituír ao proxenitor na xerencia da fábrica.

Por herdanza de súa nai, María Santos Blanco, asinada o 6 de xaneiro de 1956, Moncho, amais doutras propiedades, vai recibirla parte que como ganancial lle correspondía á súa nai na fábrica do Cunchido, "Con todos sus edificios y terrenos pertenecientes a la fábrica, aparatos de sierra, transformador, motor, caja de caudales, máquina de escribir y más accesorios que pertenecen a la misma, dos barcos llamados uno "Josefa" y otro "Alicia, en todo ello se le adjudica a este interesado el cuatro por cien, con siete mil setecientos setenta y seis diez milésimas. Partida treinta y seis del inventario, valor de esta participación es de quince mil pesetas". E prosigo coa transcripción literal do documento: "En prueba de conformidad firman el presente cupo todos

los herederos, a presencia de los testigos Don Andrés del Río Lourido y José María Mayán Santabaya, labrador este y médico el otro, mayores de edad y vecinos de este municipio de Outes, aptos para tal fin".

Cómpre salientar que María Santos Blanco falecera o 21 de xaneiro do ano 1951 aos 62 anos de idade e que a partición das súas propiedades entre os herdeiros foi realizada 5 anos despois do seu pasamento, posiblemente como consecuencia do tráxico accidente que lle causou a vida ó seu fillo, Domingo Antonio Alborés Santos -Mingolo, así era coñecido no seo da familia- en Espiñeiro.

O día 10 de xaneiro tamén do ano 1956 Moncho e Manuel Alborés, casado con Xosefa Gosende Ons e veciños de Ribademar, nouro documento asinado perante as testemuñas Xosé Rodríguez Caamaño e Vicente Blanco Ponte que se transcribe literalmente manifiestan e acordan: "Que por herencia y adquirimientos son dueños en copropiedad con D. Domingo Alborés Ramos, Carmen Alborés Santos y José Alborés Santos de una industria de aserrar maderas en el "Cunchido" que figura actualmente a nombre de D. Ramón Alborés Ramos, no describiéndose las participaciones que cada uno hace, ni se enumeran los efectos de que consta por estar descifrado en otros documentos. De esta propiedad industrial el D. Ramón Alborés Santos vende a D. Manuel Alborés la fracción del cero doscientos veinte y dos por cien al objeto de que el D. Manuel Alborés complete en la referida industria el veinte y cinco por cien. La cantidad que fijan como precio de esta transacción es el de seiscientas sesenta y seis pesetas que el D. Manuel



Moncho Alborés cos fillos.

Alborés entrega en este acto al D. Ramón Alborés Santos quien se dá por recibido".

O día 12 de febreiro do ano 1957 no domicilio social da empresa e perante as mesmas testemuñas denantes reseñadas Ramón e Manuel asinan un documento de compra-venda nas seguintes condicións:

PRIMEIRA.- "Don Manuel Alborés N., que dice formar parte en esta citada empresa que está situada colindante con el embarcadero del Conchido, Ayuntamiento de Outes, con el VEINTICINCO POR CIENTO de su valor total circunstancia que se comprueba con los asientos que figuran en la documentación y libros de la misma, hallándose, dada su abanzada edad con poca disposición para activar en la misma y deseando además colocar el capital en otros negocios, conviene en ceder en venta su participación a la otra parte aquí compareciente y socio DON RAMÓN ALBORÉS SANTOS, que ya forma en dicha empresa con más del cincuenta y seis por ciento de la totalidad de la misma".

SEGUNDA.- "Después de un estudio minucioso en la documentación conviene en fijarle un valor en venta de 97.000 pesetas (noventa y siete mil pesetas) a la totalidad de los derechos que el Sr. Alborés N., tanto sobre los solares, edificaciones, maquinarias, enseres, carnet profesional así como todo que pueda ser parte constituyente de la misma incluso capital pero con la única excepción de la parte que este hace en los balandros "JOSEFA RAMOS" y "ALICIA BLANCO" y las existencias y movimiento industrial hasta la fecha ya que esta se especifica y liquida en documento aparte de esta misma fecha".

Folla de compra.

Ministerios de Industria y de Agricultura
SERVICIO DE LA MADERA

AÑO FORESTAL 1959 - 60

HOJA DE COMPRAS núm. 1 de las relativas al Certificado Profesional (CLASE B núm. 340) expedido a favor de Ramón Alborés Santos -Cunchido-Outes (Comuna)

Posibilidad máxima anual de adquisición (en letra) Cuatro mil metros cúbicos de madera en pie y con corteza.

SALDOS

Posibilidad máxima de compra autorizada	4.000 m ³
C O M P R A S	
EN DETALLE	
Compra n.º	17 OCT 1959
Fecha	de 19
Denominación	Leña
Participación	
Tér. Municipal	
Provincia	LA CORUÑA
Volumen adquirido (en letra)	leña
m ³	30 390

Folla de compra.

Ministerios de Industria y de Agricultura
SERVICIO DE LA MADERA

Hoja de compras núm. 1 de las relativas al Certificado Profesional de la Clase B núm. 340 expedido a favor de D. Ramón Alborés Santos -Cunchido-Outes (Comuna)

AÑO FORESTAL 1959-1960

TERCEIRA.- “DON RAMÓN ALBORÉS SANTOS acepta la compra del VEINTICINCO por ciento indicado o sea la totalidad que hace su consocio hasta el día de hoy, por la cantidad antes citada de NOVENTA Y SIETE MIL PESETAS cantidad que en este mismo acto entrega al vendedor quien se da por recibido”.

ACLARACIÓN DO DEREITO DA PROPIEDAD

Faise constar expresamente no acordo de compra-venda ao que nos estamos a referir que o Sr. Alborés N. acredita as súas propiedades do seguinte xeito:

O vinte por cento da súa parte correspóndelle como socio fundador da empresa na compañía de Ramón e Domingo Alborés Ramos e doutros que no seu momento cederon as súas participacións, en referencia ás baixas de Xoaquín Castro, Domingos Molinos e Alfredo Blanco xa referenciadas en números anteriores desta revista.

O catro setecentos setenta e oito por cento adquirírao do seu fillo e da súa cónxuxe Rosa Alborés Santos mediante convenio familiar e que esta herdara da súa nai, María Santos.

O cero dous centos vinte e dous por cento mercárallo a Ramón, fillo, como fracción da herdanza que lle correspondera por parte de súa nai.

Mais o documento contén catro cláusulas ou disposicións das que imos reseña-la primeira e facer un breve comentario das tres restantes. Di así a primeira: “*Por medio de esta hacen constar que en esta operación de venta no está incluída la parte que el vendedor Don Manuel Alborés N. dice hacer en los balandros “Josefa Ramos” y “Alicia Blanco” participación en la cuantía del 24,778 por ciento (VEINTICUATRO SETECIENTOS SETENTA Y OCHO POR CIENTO) del valor total que conserva en los mismos y cuya administración corre a cargo de Don Ramón Alborés Ramos, participe en ellos, circunstancias aquí expuestas*



Moncho Alborés e a súa dona.

que son conformes y están de acuerdo por el comprador Sr. Alborés Santos”. As tres últimas fan referencia a diversos trámites e responsabilidades a asumir por ámbolos dous, comprador e vendedor.

Imos referirnos deseguido á condición segunda descrita literalmente no documento da mesma data que o anterior e denominado: “*EMPRESA RAMÓN ALBORÉS SANTOS, número patronal 15/329. Compromiso de liquidación social individual”.* Neste novo e definitivo documento os dous actores recoñecen un pagamento de 271.000 pesetas en concepto de separación definitiva da empresa excluindo da mesma os dous balandros por formaren parte da sociedade constituída por Manuel Alborés N. e Ramón Alborés Ramos.

Conveñen que para liquidar este acordo de separación debe pagarse a débeda en efectivo, fixando para este fin os seguintes prazos:

Un primeiro pagamento de 21.000 pesetas no mesmo acto da sinatura do documento.

Un segundo aboamento de 100.000 pesetas a satisfacer nun prazo non superior a cinco meses contados a partir da data da firma, é dicir, do 12-02-1957.

E o derradeiro de 150.000 pesetas a aboar no prazo dun ano a partir do 1 de xaneiro de 1957.

O capital pendente de pagamento devindicaría un interese do 3% anual a contabilizar tan só polo tempo que medie entre a data do acordado no convenio e a das dúas respectivas entregas a realizar; porén, o fraccionamento dos pagos realizaos Moncho puntualmente e os xuros xerados ascenden somentes á cifra de 5.750 pesetas.

Ao cumprir 74 anos, concretamente o 28 de xuño de 1962, Ramón Alborés Ramos outorga testamento perante o notario Xoán Xosé Ecénarro Anzorandía a prol dos seus cinco fillos e na cláusula terceira do mesmo explica a doazón que como anticipo da lexítima lle fixo ao seu fillo Moncho por valor de 143.330 pesetas que se describe na parte dispositiva da escritura feita perante o notario de Noia, Cesáreo Vázquez Ulloa, o 10 de xaneiro de 1956, polo que Moncho terá que colixir o exceso da súa lexítima a prol da súa irmá Carme, que figura como a mellorada no testamento.

Apuntamento do autor: O troco de nome do balandro “Xoaquina Blanco” polo de “Alicia Blanco” débese a que o autor oíu sempre a membros da familia chamalo por ese nome; porén, nos documentos aos que se fai referencia e que son obxecto de tratamento nesta nova achega descríbese co nome de “Alicia Blanco”. Eis a explicación deste troco nominal.

Optica  OLLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

SANCOSMEIROS, o chapeu de Santo Ourense (e II)

Soledad Agra Tuñas



Sancosmeiro. Artesanía de Galicia.

SITUACIÓN ACTUAL

Aínda que o sancosmeiro aparece sempre nos *stands* de Artesanía de Galicia, nas feiras de turismo nacionais e internacionais ou nas postais e carteis, que a Xunta publica coas cousas bonitas da nosa terra, a realidade da situación é que, na orixe, nas mulleres de Santo Ourense que posúen este coñecemento centenario, ninguén repara, ninguén aporta iniciativas para que este saber facer non se perda.

A situación actual desta artesanía é moi precaria, en Banzas xa só quedan Sra. María de Leonardo e Sra. Manola das Tersas facendo, de cando en vez, algún sombreiro; aínda fai tamén algúns, sobre todo pequeniños para broche, Sra. Dina do Santolo, que naceu na parroquia e casou para Coiradas; e fóra do noso concello máis ou menos o mesmo, unha señora en Mazaricos, que tamén está empezando a dar cursos a través dunha asociación a ver se alguén vai tomando o relevo, unha artesá no Ferrol, outra en Boiro, e outra que traballa no castelo de Vimianzo dando formas maravillosas ao cordón que lles merca ás nosas veciñas de Banzas. Seguramente algunhas artesás máis o fan, foron moitas as que viñeron aprender coas nosas veciñas, das que non temos sequera coñecemento, e o que é peor, que elaboran eses sombreiros como se fosen deseño seu, ou deseño de calquera, sen transmitir que é orixinal do noso

concello. Tamén é de valorar a iniciativa "Ponte un Sancosmeiro" dun grupo de mozas e mozos de Noia para visibilizar e fomentar que, polo menos, un día ao ano se poña o noso sombreiro. Ademais existen outras propostas de uso que aproveitan o noso sombreiro como elemento decorativo; non hai moito unha empresa de decoración de Vigo mercounos para elaborar as lámpadas que iluminan un dos postos do mercado da Galiciana de Santiago.

A HOMENAXE ÁS TECEDORAS DESTE 8 DE SETEMBRO

O día 8 de setembro, coincidindo coa festividade da Virxe do Rial na nosa parroquia, a asociación veciñal Xente de Santo Ourense celebrou unha homenaxe ás tecedoras dos sancosmeiros.

O acto de homenaxe consistiu nun xantar aberto ás veciñas e veciños que quixeron anotarse, no que se proxectaron fotos e se contou sobre o sombreiro. Como invitadas asistiron dúas das únicas tres mulleres que aínda seguen elaborando este sombreiro tradicional, a Sra. María de Leonardo e a Sra. Manola das Tersas. Tamén foi invitada a alcaldesa do concello, Dña. Beatriz Molinos e o **sombreireiro de Ourense D. Félix de Martín, que fixo unha exposición do valor e importancia da feitura e material do sombreiro, calificándoo de "deseño perfecto", propuxo ideas para a transformación do proceso como garantía da súa pervivencia.** Foi un día moi emotivo, e tamén moi instrutivo. Desta xuntanza, das explicacións que alí se deron e da intervención deste experto sombreireiro artesanal, sacamos varias conclusións e propostas. D. Félix díxonos algo que intuíamos pero non sabíamos: a feitura do noso chapeu é perfecta! Si, iso dixo, este home de recoñecido prestixio, contratado por Artesanía de Galicia para dar talleres e ensinar a outros artesáns, este sombreireiro estudioso de tódolos deseños de sombreiros do mundo, dixo que o deseño do sombreiro de Santo Ourense era perfecto e que o asombroso diso é que fora deseñado polas mans e mentes de mulleres humildes e sen formación en sombreiraría. Félix explicounos que o sancosmeiro é unha peza única, cun borde na tapa (que nós chamamos cu), para poder sacar e poñer o sombreiro sen tocar a copa para non deformala; en forma plana para que, ademais de sombreiro, servise de soporte para carrexar cousas na cabeza máis comodamente; cunha á longa para protexerse do



Lámpadas. No mercado A Galiciana de Santiago.

sol, pero, ademais, cun cosido tan tupido que protexe tamén da choiva. E iso non é todo, explicounos que, aínda que existen outros sombreiros de palla noutros lugares do mundo que fan o trezado en pico, o noso ten algo que ningún outro sombreiro do mundo ten, a feitura en roda do comezo do sombreiro ninguén a conseguiu, só as artesás que fan o sancosmeiro souberon engadir este detalle. Si, señoras e señores, D. Félix de Martín, afamado sombreireiro de Ourense, di que o noso sombreiro é único!, é perfecto!, que temos algo que ninguén ten!

E nós, que facemos? NADA, deixalo morrer, como todo, como é noso non lle damos valor, non facemos nada, incluso nos avergonzamos del, "tanta cousa non será, total, é un sombreiro vello de palla que levaba miña avoa a traballar". Isto non é nada novo, forma parte do mesmo de sempre, valorar máis o de fóra que o noso, avergonzarnos do que nos identifica, rexeitalo, renegar do propio para adoptar o alleo, pura idiosincrasia galega.

PROPOSTAS DE FUTURO

A nosa alcaldesa dixo, nesa homenaxe, que apoiaría calquera iniciativa que se lle propuxese para a conservación e visibilización do noso sombreiro. Agradecemosllo moito, aínda que a nós gustaríanos máis ter unha persoa que liderase e puxese en marcha proxectos; o traballo que unha asociación veciñal pequena poida facer, sen recursos humanos nin materiais, non pode compararse co traballo que pode facerse desde as institucións públicas, mais, como parece que iso non vai ser así, deixamos algunhas propostas, por se teñen a ben poñelas en marcha:

- Visibilizar na páxina web do concello e en tódolos actos institucionais o noso sombreiro como elemento patrimonial.
- Buscar unha forma de protección e diferenciación, patentando ou rexistrando o sombreiro como exclusivo ou creando unha marca de calidade.
- Poñer en marcha, coa colaboración de Artesanía de Galicia, obradoiros de elaboración para ensinar a facelos.
- Crear unha marca ou logo e facilitarlle a tódalas nosas artesás unha pequena chapa ou etiqueta con ela para que a cosan a cada un dos sombreiros que fagan, de xeito que ese sombreiro, cando ande polo mundo, poida ser facilmente identificable como o noso sombreiro.
- Subvencionar, co apoio da Consellería de Agricultura, que se volva sementar trigo do país, para facer unha restreba que permita aproveitar as pallas para elaborar os sombreiros. Incluso se podía crear un mercado das mancheas de palla xa preparadas;



Mostrario.



Valorado publicamente noutros concellos: paseo marítimo Cee.

moitas das mulleres, que saben elaboralos, non o fan por falta de materia prima.

- Celebrar unha festa da restreba tradicional na que se podía incluír: música, baile, obradoiros de elaboración dos sombreiros, postos de venda de produtos artesanais, animando a ir vestido coa roupa tradicional e o sombreiro, como unha edición do "Ponte un sancosmeiro" de Noia, pero engadindo todo o proceso previo a ter as pallas listas para comezar a tecer o sombreiro.
- Facer unha campaña de visibilización e promoción en redes sociais para que a xente identifique o sancosmeiro con Outes.
- Promover que o sombreiro sexa o elemento identificativo de toda a ría de Muros e Noia, aproveitando os traballos feitos para conseguir que o camiño de Santiago pase pola nosa ría, usar esta artesanía, en formato pequeno, como agasallo para os primeiros peregrinos, ou como elemento de venda tipo recordo turístico deste tramo do camiño.

Por propoñer algo.



Cantareiras.

Moitas grazas a Sra. Manuela de Pitolán (D.E.P), a Sra. María de Germán, a Sra. Manola das Tersas, a Sra. María de Leonardo e a Sra. Dina do Santolo por estaren sempre dispostas a contarnos e ensinaros o seu saber, por seren as portadoras do patrimonio inmaterial da nosa cultura.

Soledad Agra Tuñas

Presidenta da Asociación Xente de Santo Ourense

Uns días na Ribeira Sacra (e II)

Xoán X. Mariño



Foto 1. Canóns do Sil.

A longa e impresionante relación de monumentos histórico-artísticos exposta no número anterior, non é o único encanto da Ribeira Sacra. Máis abraiante é, se cabe, a paisaxe, tanto a natural como a humanizada, que conforman os ríos Miño e Sil cos seus afluentes, a morfoloxía rochosa pola que discorren, a vexetación e o aproveitamento que os humanos fan dela, para a produción eléctrica e agraria, particularmente vitivinícola. Elementos todos eles que converten a Ribeira Sacra en candidata a Patrimonio da Humanidade da UNESCO no 2021.

O Miño, logo de percorrer a Terra Chá, entra na comarca de Chantada fondamente encaixado entre unha vertente repleta de socalcos, e outra vertente de frondosos bosques de carballos, en cuxos cumes se dispuxeron numerosos miradoiros.

Encaixamento moito máis espectacular polo que discorre o Sil, desde Valdeorras ata os Peares que dan lugar a miradoiros abafantes como os chamados "Balcóns de Madrid" ou os de As Xariñas de Castro (ver foto 1), ambos a pouca distancia de Parada de Sil.

A razón deste enfaixamento, tanto do Miño como do Sil, é tectónica: unha longa falla de norte a sur, no primeiro caso, e outra de leste a oeste, no segundo, que as augas dun e outro se encargaron durante centos de anos de escavar, nalgunhas partes ata 500 ms. de profundidade con paredes con máis de 70% de pendente e lugares como Caixide (Parada de Sil), de vertixinosas caídas en vertical. Mención especial merece un meandro moi pronunciado que describe o río Miño preto de Chantada, chamado "Cabo do Mundo". Pola súa parte o Canón do Sil é un Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), que

integra as paisaxes protexidas máis espectaculares da Ribeira Sacra: por unha banda, o Canón do Sil propiamente dito, desde Parada de Sil ata Os Peares; por outra, o tramo final e Canón do río Cabe ata a súa confluencia co Sil, que forma límite entre os concellos de Sober e Pantón. Outro lugar de gran atractivo é a confluencia do río Mao co Sil, moi preto da aldea de Cristosende (A Teixeira), de onde parte un roteiro de pouco máis de 3 km que discorre sobre pasarelas penduradas de calofrantes precipicios (foto 2) sobre un val de gran beleza.

Con todo existe un claro contraste entre as ladeiras en función da súa orientación: as vertentes orientadas cara ao norte son máis frías e sombrías, e nelas atopamos bosques de frondosas atlánticas, como o carballo ou castiñeiros e, nos lugares de forte pendente predominan matogueiras como a xesta ou o breixo. En troques, nas vertentes que miran ao sur, o número de horas de sol ao ano é maior, e o aproveitamento humano tamén. O labor arduo e persistente do home foi construíndo os bancais, que percorren a xeito de chanzos as ladeiras desde o cumes ata o mesmo río. Nos socalcos cultivase a vide para a elaboración do cada vez máis demandado viño da Ribeira Sacra. O seu cultivo, introducido polos romanos hai máis de 2.000 anos, foi o elemento determinante da colonización monástica medieval en todo este territorio.

Hoxe a produción de viño é un importante motor de desenvolvemento económico para esta zona, ao mesmo tempo que un poderoso sinal de identidade. A creación da Denominación de Orixe en 1997 e dun Consello Regulador supuxo un forte estímulo para un incremento, non só da cantidade, senón tamén da calidade do viño. Na súa elaboración destacan

as uvas godello, albariño e treixadura para caldos brancos e mencía, brecellao e merenzao para os tintos. Mais o espectacular aumento da demanda levou a moitos produtores a empregar variedades como o Xerez e o palomino fino en, cada vez, maiores cantidades.

A evolución das adegas foi parella: en 1992 existían 30 establecementos adegueiros, 89 no ano 2000, no 2007 superaron o cento, e na actualidade descenderon a menos de 90 debido á emigración, o envellecemento da poboación e o encarecemento da man de obra. A pesar diso, conseguiuase manter a produción, acadándose nas últimas colleitas entre 5 e 6 millóns de kg de uva, un 75% mencía. Para os viaxeiros (por conta propia ou dentro de programas de turismo enolóxico nos que se combinan exposición, degustación, restauración e puntos de venda, coñecendo un número cada vez maior de adegas) son motivo máis ca suficiente para a visita á Ribeira Sacra.

Ademais proliferaron os eventos que festexan a produción de viño da Ribeira Sacra. Neste sentido destacan a **Feira do Viño de Amandi** que se celebra en Sober a fin de semana do Domingo de Ramos; a **Feira do Viño de Quiroga**, que ten lugar o Domingo de Pascua; a **Feira do Viño de Chantada**, en torno ao mes de marzo; a **Feira do Viño de Pantón**, o primeiro fin de semana de xuño; a **Feira do Viño de Castro Caldelas**, no último fin de semana de xullo e a **Festa do Viño Novo da Teixeira**, no mes de novembro; ou a **Feira do Viño de Vilachá** (Pobra do Brollón) a primeira fin de semana de maio, nunha localidade obxecto dunha profunda rehabilitación que permite acceder a un conxunto de numerosas adegas ao longo de estreitas rúas enlousadas.

Tamén son motivo de exaltación festiva outros produtos da terra como na **Mostra do Aceite**, que se organiza entre febreiro e marzo en Quiroga; a **Festa do Caldo de Ósos**, que se celebra en Taboada o domingo de Entroido; a **Festa da Augardente de Portomarín**, que se pode visitar o Domingo de Pascua; a **Festa da Carne ao Caldeiro**, que ten lugar o terceiro domingo de abril en Carballedo; a **Festa do Viño e a Cereixa de Belesar** (O Saviñao), en maio; a **Festa da Cereixa e o Aceite**, en Ribas



Foto 2. Pasarelas do Río Mao.

de Sil a segunda fin de semana de xuño; a **Mostra do Mel**, de novo en Quiroga, o 10 de agosto; a **Festa da Empanada**, produto que se pode degustar no mes de agosto o último día das festas patronais de Chantada; a **Feira da Rosca de Sober**, o 12 de agosto; a **Festa da Angula**, o 6 de setembro, unha vez máis en Portomarín; a **Festa da Carne**, en Montederramo, o 12 de outubro; e, finalmente, polo mes de novembro ten lugar a exaltación da castaña na **Festa da Pisa**, en Parada de Sil.

Outras manifestacións festivas da Ribeira Sacra están vinculadas ao entroido; durante o mes de febreiro son moi celebrados o **Entroido de Salcedo**, na Pobra do Brollón, con característicos personaxes como o *Oso*, as *Madamas* e os *Danzantes* e o **Entroido de Chantada**, cos seus coloristas traxes tradicionais: o *volante*, que leva faixas alternas de cores cun cinto do que penduran dúas ducias de chocallos do gando, unha serie de panos de cores ao ombro que tamén soporta un pucho, unha estrutura de madeira cuberta de cintas e flores de papel de variado cromatismo, entre as que se asenta unha boneca; o *peliqueiro* (figura ourensá por excelencia), o *meco* ou o *maragato* que, cunha fusta, tratan de defender ao *volante* de todo o que se cruza no seu camiño.

Outras datas festivas tamén recollen a exaltación de elementos culturais e tradicionais propios de cada poboación. Entre elas destacan **Os Fachos de Castro Caldelas**, ao anoitecer do 19 de xaneiro, cando os asistentes constrúen un gran facho de palla ao que se mete o lume para alumear a noite; un espectáculo semellante organízase o 7 de setembro, durante a **Festa das Fachas**, no Castro de Castelo (Taboada). Finalmente, cómpre salientar o **Folión de Carros**, que se espalla polas rúas de Chantada o cuarto fin de semana de agosto, festa declarada de Interese Turístico de Galicia na que se representan os diversos oficios locais, así como as principais tarefas agrícolas desempeñadas tradicionalmente na zona.

Por último, non se pode falar da Ribeira Sacra sen mencionar as centrais hidroeléctricas. Debido ás excelentes condicións para o represamento da auga, grazas ao forte encaixamento dos ríos e unha climatoloxía propensa ás precipitacións, construíronse un gran número de encoros que producen unha elevada cantidade de enerxía eléctrica, que converten a Galicia nun país excedentario en electricidade, a costa, sen embargo, de enormes prexuízos: a desaparición de notables extensións de superficie agraria, o incremento dos días de néboa pola intensa evaporación nas grandes masas de auga embalsada, creando máis humidade, nefasta para algúns cultivos como a vide, ao aumentar o risco de pragas, e incluso destruindo lugares naturais de enorme valor xeolóxico, como foi o caso do asolagamento do val glaciario do río Cenza; non trouxeron como contrapartida un impulso á industria nin sequera aumento de postos de traballo máis ca no momento da súa construción, que comezou na década dos anos corenta sobre o río Mao: o de Leboreiro e o de Hedrada, no concello de Montederramo. Durante os anos 50 e 60 construíronse os catro grandes encoros desta



zona: Belesar e Os Peares, no río Miño, e San Pedro e Santo Estevo, no Sil. O último construíuno a empresa Iberduero no mencionado río Cenza (Vilariño de Conso) en 1994.

A pesar da desfeita paisaxística, a presenza de grandes encoros constitúe un indubidable atractivo turístico, ata o punto de que (aínda que é posible percorrer os encoros en coche, seguindo as estradas que ofrecen excelentes vistas panorámicas sobre os vales do Miño e o Sil) se creou unha moi concorrida *Ruta dos Encoros en catamarán* polos denominados "mares interiores de Galicia".

A bordo destas modernas embarcacións pódese apreciar o espectáculo único dos canóns dende o seu fondo: as fortes pendentes das paredes graníticas, as súas colosais dimensións, as cautivadoras masas de vexetación autóctona e unha intensa ocupación humana do espazo mediante os socalcos, son os elementos que lle confiren o seu grande atractivo ao percorrido por estes vales fluviais. Existen cinco

servizos de catamaráns en funcionamento: un no río Miño e catro no río Sil. O primeiro sae da localidade de Belesar e descende ao longo do val do Miño, rodea a illa fluvial de Sernande para regresar logo ao punto de partida.

Polo canón do Sil un catamarán parte do embarcadorio de Santo Estevo, no encoro do mesmo nome, fai o percorrido ata preto do río Mao, onde inicia o traxecto de volta. En sentido contrario, baixando polo encoro, hai dous servizos: un que sae desde Doade (Sober) baixando cara a Santo Estevo e volvendo ao punto inicial e outro parte de Abeleda (A Teixeira). O último dos servizos en catamarán cobre a zona máis oriental do Sil, entre Augas Mestas (Quiroga) e Doade, percorrendo zonas de paisaxe menos escarpada, tamén con itinerario de ida e volta. Débese advertir que os servizos e horarios sofren variacións en función da época do ano, polo que é aconsellable informarse e reservar os billetes con anterioridade ao desprazamento.



Foto 3. Encoro de Santo Estevo.

Entrevista a...

Carmen Alborés Maceiras

Carmen Alborés Maceiras, serrana de nacemento e freixana por maternidade. O seu pai era natural do Conchido e a súa nai do Freixo. Neta dun carpinteiro de ribeira e dun empresario madeireiro. Cursou a licenciatura de Xeografía e Historia na Universidade de Compostela. Exerceu de docente en Cataluña e na actualidade desfruta dunha merecida xubilación en Santiago de Compostela. Escritora e autora de numerosos relatos e colaboradora do xornal La Voz de Galicia. Outes segue sempre vivo e presente na súa memoria e na súa vida cotiá.

INFANCIA

Que recordos gardas da túa infancia?

Nacín en Outes no ano 1951, crieime entre o Freixo, de onde era a miña familia materna, e a Serra de Outes, de onde era meu pai e a súa familia. Viviamos no Cunchido nunha casa situada no Resío toda a familia, meus pais, meu irmán e eu. Preto dela meu pai tiña un serradoiro que antes fora do meu avó. Na Serra tiña moita familia: catro tíos e numerosos curmáns máis ou menos da miña idade cos que compartín nenez. Lembro que de nena tiña metido nos oídos aquel barullo procedente das máquinas e dos operarios do serradoiro. Tamén recordo o aroma do serrín e ao meu pai sacudindo a gorra e a roupa denantes de entrar na casa e o tacto da madeira xa serrada que ás veces estaba a secar dentro da vivenda. Cando Marchaban os obreiros íamos xogar na vagoneta que había nas instalacións da fábrica para transporta-la madeira. Subíamonos uns rapaces nela e os outros empurrábana. Había tamén unha caseta no campo da fábrica con parrulos. Meu pai, que era un pouco atrevido, púxolle os ovos das parrulas a unha galiña choca e, pasados días, naceron os parruliños, que foron dereitos á auga mentres a galiña cacarexaba desesperada na beira do río chamándoos.

Que máis recordas da túa nenez?

Os días de feira e feirón. Xuntábase moita xente e case sempre me mercaban algunha baratura das que se vendían: un anel, un reloxo de mentira, un abano, un peto de barro para garda-los pequenos aforros meus, rosquiñas con sabor a anís...

Cóntanos máis daquela etapa.

Meus pais foron dos primeiros da Serra en mercar un Seat 600. Como me gorentaba viaxar nel! Visitar á miña avoa do Freixo que tiña unha casa no alto dende onde se divisaba case toda a ría e ás veces ata se escoitaban os motores dos barcos navegando e víanse aos arroaces choutando na auga.

E a escola?

A miña primeira escola foi a de dona Rosa. Cando fun a esta escola xa sabía ler porque me ensinara miña nai nun silabario que trouxera meu pai dunha viaxe que fixera a Andalucía para vender madeira. Recordo que estando na escola viñeran facernos unha foto e as da Sección Feminina, a ensinarnos xogos. Tamén recordo a celebración do día da árbore, a súa plantación e posterior rega. Cando tocaba o recreo facíase o reparto do leite que viñera polo Plan Marshall. Os deberes que traía adoitaba facelos coas miñas curmáns na súa casa da Serra.



Outras diversións?

Ás miñas tías e aos meus curmáns gustábanos moito ir ao baño. Unhas veces íamos á marea do Cunchido coa preamar. Íamos polas tardes e despois do baño merendabamos. Nalgunhas ocasións os nosos pais alugaban unha "rubia" de Galdrán na que íamos todos ás praias de Esteiro e Louro. Daquela eramos poucos os que íamos á praia. Desfrutabamos apañando caramuxas, con caldeiros, pas e rastiños de metal facendo contrucións na área... De volta á casa viñamos cantando, logo cociñabamos as caramuxas e escunchabámolas con alfinetes. A xente comentaba con sorna: Aí van os Alborese para a praia! A televisión víamola nos bares e logo na casa de meu tío. Había que ver os programas que non levaban un rombo na esquiniña da pantalla.

E as celebracións relixiosas?

Como as miñas tías eran moi relixiosas íamos moitas veces á igrexa de Entíns, asistíamos a tódalas funcións relixiosas e mesmo nos adicabamos a encher xarróns con flores, flores que cultivaba miña tía expresamente cunhas sementes que lle mandaban por catálogo. Con elas adornabamos a igrexa. Ensinábannos a bailar mulñeiras e actuabamos no adro nos días de festa. Tamén nos preparaban para recitar versos á Virxe todas vestidas de branco.

Ese grupo de baile galego actuou na inauguración do monumento de Añón, non é así?

A Real Academia Galega decidira adicarlle no ano 1966 o Día da Letras Galegas a Francisco Añón e aquel 17 de maio moitos outenses congregáronse na praza do concello para participar na homenaxe. Estaban tamén coas autoridades locais e a veciñanza Sebastián Martínez Risco, Ramón Otero Pedrayo e outros escritores galegos. Unha das actuacións de baile de mulñeiras fixémosla na inauguración do monumento a Añón ese 17 de maio do ano 1966. O libro cos seus poemas nunca faltou na miña casa e eran de lectura socorrida pola súa fermosura e tamén polos seus perfís iridiscentes. Añón é por excelencia o poeta de Outes. Tampouco faltaba nunca o xornal *El Ideal Gallego* e a revista *La Codorniz*. Recordo que meu

pai era un gran amante da lectura e nos momentos de solaz sentaba no escritorio e lía e lía.

E outras diversións?

Cando chegou a televisión viámola nos bares e despois na casa dun tío, que foi un dos primeiros en tela na casa como xa teño dito denantes. Recordo os personaxes de "Boliche e Chapinete", a serie "RinTinTin" e outros programas coma o relixioso dun tal Xesús Urtiaga. Tamén as zarzuelas que emitían e os concursos culturais como "Cesta e Puntos". Lembro a chegada do home á lúa, mais iso xa foi no colexio.

ADOLESCENCIA E XUVENTUDE

Fálanos desta etapa da túa vida.

O tempo foi pasando e cumpría facer estudos. Fun como interna ó Colexio da Pena do Ouro, en Noia. Ao principio só íamos unha vez ao mes á casa. Non eramos moitas alumnas e as monxas xesuítas que rexentaban o colexio eran moi avanzadas para aquela época. Tivemos un ensino moderno e de moita calidade. Faciamos acampadas en Lira, Louro, recollíamos berberechos en Testal... teatro, bailes rexionais. Alí estudei bacharelato e íamos examinarnos por libre a Santiago no instituto Rosalía de Castro. Naquel colexio fixen moitas amizades que inda conservo e coas que unha vez ao ano nos xuntamos polo verán e ceamos. É unha cea das máis entrañables. Rematada esta estancia na Pena do Ouro cheguei a hora de ir para Santiago.

E en Santiago?

Matriculeime na Universidade en Xeografía e Historia. Primeiro compartín piso, mais despois meus pais mercaron un na rúa Fernando III e xa pasei a vivir alí. No intermedio meu pai tivo que pecha-lo serradoiro e emigrar. Marchou a Canadá, á illa de Vancouver, onde estivo traballando ata a súa xubilación. Vancouver é unha illa preciosa que visitei en dúas ocasións. Alí reside unha colonia de galegos, sobre todo do Freixo e de Esteiro. A miña avoa materna foi soterrada aló e en Vancouver inda residen unha tía materna e a súa descendencia. Rematei a licenciatura e comecei a procurar traballo. Aquí non o atopei e vinme obrigada a migrar a Cataluña. Alí exercín a docencia en Secundaria e fixen algunha especialidade máis. Tiven que adaptarme a outros costumes, aprender outra lingua para poder exercer-la miña profesión, outro xeito de vida e tamén facer novas amizades. En tódalas vacacións sempre retornei a Galicia. Son das que penso que a "morriña" está secuenciada no ADN de tódolos galegos. No entanto, teño que recoñecer que Cataluña me marcou pola súa xente, aquel clima soleado, espectáculos, exposicións... e polas amizades que naquela terra fixen e ás que con frecuencia visito.

XUBILACIÓN

Cando retornas a Galicia?

Tan pronto como puider prexubileime e vin para a miña terra. Aquí adiqueime a recuperar vellas amizades, facer outras novas... Porén, dada a miña inquietude, metínme na ONG Mans Unidas, que loita contra a fame e a pobreza no mundo. Fun a presidenta na diocese de Santiago e iso supoñía ter que viaxar con moita frecuencia a Madrid, onde estaba a sede central e organizar moitos actos: conferencias, cursos de verán na Universidade, ciclos de cine...

E a familia?

Tocoume coidar a miña nai xa maior xunto con meu irmán até o pasamento dela. Despois da súa morte dispuxen de máis tempo libre e collín máis actividades, das que inda hoxe me sigo ocupando. Por exemplo: son voluntaria do Museo do Pobo Galego, colaboro cunha ONG e vou á Universidade de maiores cursar algunhas materias que nunca dei, como Medio Ambiente, Astronomía, Club de

Lectura... Sobre todo cultivo unha das miñas afeccións favoritas que é da escribir. Escribo moito, sobre todo relatos curtos. Un profesor periodista dime que me anime a publicalos, inda que eu concibo o escribir só como un divertimento. Na edición de Barbanza de *La Voz de Galicia* publico artigos sobre esta comarca. O último publicado neste xornal leva por título: "Noia y su gran leyenda".

Como contemplas a etapa da vida que tes na actualidade?

Coa miña idade xa se teñen moitas experiencias acumuladas e a perspectiva da vida, que xa ten un longo percorrido, dáme unha visión crítica para algunhas cousas e outra máis vindicativa para outras: valores que se están a perder ou substituíndo por outros máis frívolos e egoístas. Sinto que todo iso conduce a unha sociedade máis solitaria e con máis problemas de convivencia. Percibo que o mundo pegou un acelerón que nos custa asimilar. Un exemplo disto son as novas tecnoloxías e outros avances dos que descoñecemos as súas repercusións. **Eu pasei do pizarriño ao rato do ordenador, do cine do domingo a centos de películas acotío, da conversa privada ao chat, da moda específica para xente maior a vestir libremente, de parecer unha vella como as de antes a semellar máis xove da idade que teño, de comer o que me apetecía a ter unha dieta restritiva máis saudable, de ter diñeiro en efectivo a ter tarxetas e banca electrónica, de lavarme con auga e xabón a ter dúcias de produtos cosméticos.** Son tantos os trocos da miña xeración coma os de ningunha outra na historia e inda así afacémonos como podemos a sobrevivir. De tódolos xeitos procuro divertirme, visitar a miña familia da Serra, pasear pola alameda de Noia, sen esquecer que no cemiterio de Entíns están descansando meus pais. A Serra foi e será sempre un referente na miña vida, igual que o Freixo.



Carme Alborés (arriba, primeira pola esquerda) co grupo de baile que actuou na inauguración do monumento de Añón en 1966.

O que pensa un médico de Atención Primaria do borrador de propostas para o Novo Modelo de Atención Primaria, presentado pola Consellería de Sanidade o 20/02/19

Dr. Xosé M.ª Dios Diz

A Atención Primaria (AP) é o pilar básico sobre o que se sustenta a atención máis cercana á persoa. Din que é a "porta de entrada do sistema" e eu digo que debe ser a "sala de estar", o lugar máis cómodo da casa, no que o cidadán se encontra máis a gusto e o lugar ao que temos que ir sempre que o necesitemos. Os doentes poden entrar no Sistema Sanitario por urxencias do hospital, polos PACs, polos Centros de Saúde, pero a onde se volve, tarde ou cedo, é ao médico de Atención Primaria, especialista cercano e que intentará resolver os problemas da persoa... e se non canalizalos onde si o poidan facer.

Pois ben, o pasado 20 de febreiro, a Consellería de Sanidade, co Sr. Almuiña á fronte, presentou a quen foron invitados pola propia consellería, o **bosquexo de propostas para o Novo Modelo de Atención Primaria**. Se hai un mes o Sr. Feijoo dicía que "temos o mellor modelo sanitario do mundo", agora presenta nada menos que 175 obxectivos para "melloralo". O documento é unha irresponsabilidade por parte dos xestores do Sistema Sanitario Público Galego. É ambiguo e non concreta nada. *Marea a perdiz* para que nada cambie. É pouco participativo e de moi baixa calidade técnica. Explícome:

Non dá prazos nin número de prazos a ofertar. Non fala de cartos, e o propio Almuiña recoñeceu que "o dos cartos verase despois". Despois de que?

Non fala de investir cartos para que se cumpra a Lei de Garantías (impulsada

polo PP en solitario e en contra de todos). Así, seguirán sen cumprirse os prazos de consulta, de probas diagnósticas e de intervencións cirúrxicas, e os doentes seguirán sendo desprazados á sanidade privada e as listas de agarda seguirán aumentando.

Tampouco fala de derrogar a **Modificación da Lei Galega de Saúde** que quita as Áreas Sanitarias e as súas Xerencias.

Dentro dos obxectivos, "crea a Subdirección Xeral de AP dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria". **Pero os profesionais de Atención Primaria queremos unha Xerencia Única de Atención Primaria, en pé de igualdade coa Atención Hospitalaria e con orzamento propio que se achegue ao 25% do orzamento xeral da Consellería de Sanidade, nos vindeiros 3 anos.**

Fala de potenciar a atención a domicilio, pero sen medios, transporte ou persoas.

Totalmente ambiguo.

"Crea unha Dirección de AP en cada Área Sanitaria". Pero o que fai falla é que cada Área Sanitaria teña o seu Xerente de Atención Primaria, en pé de igualdade co Xerente de Atención Hospitalaria.

"Crea unha Comisión de AP de Área Sanitaria (que non existe na modificación da Lei Galega de Saúde), formada polos xefes de servizo". Todos, nomeados a dedo polas xerencias e sen interlocución co resto do sistema.

"Nomea un Coordinador de Servizo" (e non di de que?) e di que se fará cargo "dos labores de enfermaría".

Fala de "Reducir os cupos dos profesionais en cargo directivo": pero non falan de quen se fará cargo deses doentes.

Outro obxectivo é "que na OPE do 2019 incrementárase o n.º de prazos do 2018". O que nós lle dicimos é que ten





que convocar tódalas prazas vacantes que existen na actualidade, moitas máis das ofertadas pola consellaría de Sanidade.

Fala de "realizar un estudo sobre a reestruturación do persoal dos PACs (Puntos de Atención Continuada)": levan un ano negociando e o persoal dos PACs ("en pé de guerra") continúan en folga: por algo será?

O Novo Modelo di de "habilitar o acceso de prescripción en IANUS (programa informático dos profesionais do SERGAS) aos profesionais dos centros concertados". É dicir, non só se están derivando de forma masiva os pacientes á sanidade privada-concertada, tamén queren levar a prescripción. Máis privatización.

Fala de "obrigar os médicos de hospital a realizar tódolos actos que competen a súa actuación". Un bo punto, que demostra que aínda temos profesionais nos hospitais (aos que a administración non obriga) que pensan que non existe vida intelixente fóra dos hospitais e que os médicos de AP somos os seus secretarios... coa conseguinte molestia para o doente, que, á parte de ir ao especialista hospitalario, ten que ir

logo ao seu médico de cabeceira: todo profesional ten que facer o acto sanitario completo.

Fala da "Cobertura de ausencias". Isto é importante: os profesionais temos un horario de 37,5 horas semanais e debe cumprirse. Terán que mellorar os contratos do persoal substituto (formouse a Asociación de Precarias pola Atención Primaria: por algo será) para que regresen os profesionais que se marcharon: se o traballo llo facemos nós, estaremos sempre na mesma; que a administración contrate o persoal necesario, con estabilidade e salario digno!

Cando fala de "...reordenar os cupos dos profesionais e os fluxos de traballo", é un despropósito; cargar de traballo aos profesionais, á parte xa do seu traballo, sen pensar en dar condicións dignas nos novos contratos e estabilidade laboral.

No que fai referencia aos MIR (Médicos Internos Residentes) no novo modelo, vemos unha hipocresía manifesta: que fixo a consellaría de sanidade (do PP) cando gobernaba en Madrid o PP? Nada. E agora lémbrese de pedir máis prazas, pero sen preparar ás Unidade

Docentes, o que fai imposible que o sistema poida asumir ese incremento.

No tema do "Consello Asesor de Pacientes" (CAP) é outra hipocresía: eliminaron o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área e crearon este CAP que non sirva para a participación social, política, sindical e das entidades relacionadas coa saúde.

No último obxectivo, fala dun "orçamento específico para a AP, a curto prazo: suficiente e adecuado", pero non di nin canto nin cando, que é o relevante.

Resumindo: o Novo Modelo de AP é inconcreto e ambiguo. Carece dun plan consensuado coas organizacións políticas, sindicais e sociais, para pensar na Sanidade do futuro e que o que veña a gobernar este tema tan importante non o faga pensando na sanidade privada e en desmantelar o ben máis prezado que temos, que é a saúde.

Os profesionais de AP creamos a Coordinadora Galega de Atención Primaria (que aglutina a máis de 1.000 profesionais neste momento) e valoramos o documento, chegando á conclusión de rexeitalo, tendo nun horizonte próximo a convocatoria de Folga na Atención Primaria.

MULLERES

María del Carmen Rey Núñez

Editorial Toxosoutos


(colección Nume), 2017

Hai algo máis dun ano, con motivo da celebración do día internacional da muller, produciuse a nivel mundial mobilizacións reivindicativas de mulleres esixindo o dereito de igualdade e a fin da discriminación sexista. A historia está chea de exemplos de como esta situación inxusta e “aberrante” coa metade da poboación provoca o nacemento do que hoxe damos en chamar movemento feminista. É ese concepto feminista o que lideran mulleres que, en diversas actividades e ao longo da historia, logran avances nos dereitos políticos, sociais, culturais etc., e que polo feito de sermos mulleres nos foran negados.

A novela de María del Carmen Rey, *Mulleres*, é ante todo unha novela feminista. Neste caso as protagonistas son mulleres dunha aldea galega, cunha vida chea de dificultades e pobreza que ao longo de toda a historia nos levan a poñernos irremediabilmente do seu lado. A autora descríbennos con detalle os esforzos por saír adiante destas mulleres, de xeito que deseguido relacionei a historia con citas que adoitamos escoitar con asiduidade: “A pobreza ten nome de muller”, da expresidenta do Brasil, Dilma Rousseff; ou “A feminización da pobreza”, expresión que se acuña a finais dos 70. **En todo caso, queda moi claro na novela que a pobreza non é o atranco que lles impide ás protagonistas ter unha existencia xusta, senón que son os abusos de poder, físico e psicolóxico, aos que están sometidas por parte dos homes. O ambiente da aldea faise irrespirable, estando cheo de actos machistas.**

Ao rematar a novela, María del Carmen Rey deixa un pensamento sobre a intención que tivo ao relatar esta fermosa historia. Di a autora: “Esta é a miña humilde homenaxe a todas as mulleres que, ao longo dos tempos, sufriron nas súas carnes as resultas dunha sociedade machista e desconsiderada; sendo obxecto de violacións físicas ou de malos tratos psicolóxicos. Que ninguén pense que quero varrer de homes a terra, conformaría con vela limpa de malfeitores. A boa xente tenme engaiolada, alén do seu sexo”.

As “mulleres” desta historia, son mulleres valentes, mulleres fortes, mulleres solidarias, mulleres intelixentes e traballadoras, mulleres reivindicativas, e sobre todo son mulleres anónimas. A autora pon en valor a mulleres do mundo rural que loitan coas súas vidas para poder avanzar no movemento feminista, que xa non ten volta atrás e que mira con afouteza o futuro.



Lidia Vicente

A PONTE

Acorda como calquera outro día: canso, con moito sono e mal sabor de boca. Con todo, algo lle parece diferente.

Sae á rúa. Baixa a costa. Leva postos un dos traxes e unha das gravatas que usaba para o seu traballo, e coa súa man dereita suxeita un maletín de coiro negro.

Camiña pola beirarrúa, escoitando con especial nitidez o son dos coches e os pasos das persoas coas que se cruza. Estrañado, observa que ninguén fala a aquelas horas temperás da mañá. E parécelle que algunhas persoas miran para el ás furtadelas.

Cruza a rúa no paso de peóns en dirección á ponte. A vella ponte pola que atravesaba cada día o regato ten algo estraño aquela mañá. Nunca antes vira todos aqueles cadeados, con palabras de amor, suxeitos na varanda.

Pon o maletín no chan e ábreo. Mira no seu interior: hai unha soga cun nó corredizo nun dos extremos. Sácaa do maletín e ata o outro extremo á ponte. Introduce o nó corredizo no seu pescozo, sobe á varanda e lánzase cara adiante.

Espertou, saloucando.

Eloy Hervella



O MEDO

—E logo non nos vas invitar a un viño, Silvio?

Foi un longo día de sulfata. Díchelle unha lava ás mans e á cara, que foi pouco máis que un enxaugue enconicado no regato, e a cear, que hai fame. Xa te lavarás como é debido antes de vos deitar. Entrás na cociña. A nena maior xa axuda un pouco á Xoana, mentres os máis cativos xogan nun curruncho cuns carozos do ano pasado. Faslle unha carantoña á Olinda, revólveslle o pelo ó Xacobe e colles un intre no colo á Martiña, que berra entusiasmada. Queres levala ó cabaliño á bodega, pero pénsalo mellor e tes moita fame, así que colles a xerra e dáslle un bico xofrado á Xoana na meixela.

—Ponlle ós nenos, que logo veño.

Ó camiño é de terra apisoada por miles de pés miles de veces, por carros e animais. Tes un atallo pola viña, pero hoxe algo che leva por alí. A verdade é que vas pensando nos días estraños e brutais que vive o país. Hai guerra. Ó principio, o teu temor era que te mobilizasen, pero es un labrego con tres fillos que manter. E fas viño. Un bo viño. Sempre necesitarán viño. Despois.

Despois empezou o terror. O alcalde está detido, e todos os que se significaron en política tamén. En política das esquerdas, enténdese. E na aldea veciña xa falta xente que levaron de noite e nunca volveu. Estáste distraendo e case non oes ese grupo que vén cara a ti cando enfías a entrada á bodega. Só esperas que non te vexan, pero os días aínda non mingaron tanto.

Tes que responder.

—Home, claro. Agora mesmo ía encher a xerra prá cea.

—Pois saca outra pra nós.

É un matón de Ribadavia ao que xa lle apoñen cinco vítimas, un que gusta de matar as persoas como quen mata un marrán. E outro o Paco Canella, que foi quen che saudou brazo en alto, mentres coa outra man termaba da correa da escopeta. O da vila leva unha pistola ó cinto, e os

outros dous seguramente nos petos. Ó Canella ninguén llo chama á cara, aínda que o nome llo puxeran os compañeiros matanchíns. Ían buscar ó Hixinio Pardao e o Paco non ía moi convencido. Chamárono de cagán e covarde, pero deixárono quedar atrás que se trousaba. O Pardao soubo que viñan e tirouse por unha fiestra detrás da casa para escapar por unha canella. A cuestión é que o Paco viuno e, fose por reivindicarse ou porque tivese máis medo dos compañeiros que da culpa, deu en berrar “Pola canella! Pola canella!” O Pardao cispou, pero ó Canella quedoulle o alcume prá vida.

Chegades á adegá. O Canella pousa a escopeta nun curruncho, apoiada nun pipote que descansa sobre unha tempa. Repartes catro cuncas brancas que alí tes para os compradores e ti colles unha de barro. Enches a xerra de branco e vas repartindo. Na cunca de barro non se nota que aínda non botas a metade ca eles. Agora mesmo, dábache por correr sen parar e sen rumbo se non fose pola muller e os nenos que quedan na casa.

—Está bo -di o matanchín da vila, con convicción. E ti sentes como se acabases de ser indultado.

—Carallo se está. Xa vos dixen que o Silvio tiña bo viño.

O Canella é quen máis fala e ti que si a todo e que non cando convén. Nestas que chega a Xoana preocupada. Párala antes de que entre no recinto e mándala buscar uns chourizos, e queixo, e pan, mentres enches as cuncas, esta vez de tinto. Volve, xa lle colles todo na porta, e mándala estar calada e deitar ós rapaces e deitarse ela, e durmir, se pode. Cortas os chourizos. Súas pra que non esvaren entre o tremor de mans e o unto no que se conservaban. Procuras beber pouco sen que os matóns se decaten. Eles están cada vez máis contentos e decátaste de que quizais só querían emborracharse e cear de balde. Contan chistes e contos sangentos e ti esfórzaste en copiar a súa expresión maioritaria, sería ou



de rexouba, e en manter cheas as cuncas. Chega un momento en que o alcume Canella fai rir a todos e pensas que estás salvado ou no fío da navalla. Xa todos saíron mexar na viña moitas veces e agora vén de volta o de Ribadavia. Na porta pega un berro bébedo espectacular, un aturuxo que ninguén do barrio puido ignorar. Sábeste perdido. Vén cara a ti cos ollos extraviados.

—Silvio, se tes un inimigo, ou un veciño que che falte, ou que che estorbe, ti só tes que nolo dicir. Con que nolo digas xa está, arranxado.

Tes que escoitar cara atrás porque todo ti estaba tremendo tralo berro. Tatexas con dificultade:

—Que? Non. Non teño ningún inimigo nin malos veciños. Veña, que vos boto outra.

—Outro día. Agora temos que marchar -os demais tensan como se alguén accionara un resorte-, que se vai facer noite.

A noite xa se fixo hai horas. Os demais rosman unhas despedidas ebrias. E marchan, entre berros e cantos. Colles o candil, pechas a bodega e camiñas de volta á casa. Cando lle botas por fin o pecho ó portón, sentes o maior alivio da vida. Esa madrugada, dormes tarde, e a Xoana dorme tarde, pero durmides. A tensión consumiu a enerxía que restaba do día e non hai azos para nada máis.

Os nenos non souberon o preto que pasara a morte.

Henrique Álvarez

A quen votar nas próximas eleccións?

Alba Calo Blanco

Pode que xa sexan as túas terceiras eleccións, pode que sexan as décimas ou pode que sexan as primeiras. Pode que o teñas moi claro ou pode que non teñas nin idea de por onde comezar. Estas nunha posición ou noutra, este artigo interésache.

Cando un é pequeno escolle un equipo de fútbol, ese equipo que vai defender a morte durante o resto da súa vida. Se escolles mal tes un problema, porque é unha decisión irrevogable. Non podes dicir hoxe que es do Celta e mañá que es do Deportivo, hoxe que es do Barça e mañá que es do Madrid. Nunca ninguén puxo esta norma, pero é algo que se sabe. Pois ben, déixame aclararche algo: un partido político non é un equipo de fútbol (e pido desculpas polo símil, non se me ocorreu mellor exemplo). Non tes que votar ao mesmo partido político durante toda a túa vida. Atrévome a dicir que ata sería un problema. Non denotaría evolución. Quero dicir, non vas ter a mesma mentalidade, e non vas estar na mesma situación con 18 que con 30 ou que con 65. Por Deus, non vas ter a mesma mentalidade con 25 que con 26, e a túa situación pode dar un xiro nun minuto. Os intereses cambian, as persoas evolucionamos, e con nós, as nosas mentalidades. Non te sintas mal por non saber a quen votar, a día de hoxe telo moi claro é o raro.

Non sei se o temos máis fácil ou máis difícil que os nosos avós, pero si sei sen dúbida ningunha que o temos mellor. Diversidade e poder de elección sempre son mellores. Até hai unhas cantas eleccións atrás parecía que en España só existían dous partidos, pero vemos que co paso do tempo outros máis pequenos van gañando terreo e facéndose un oco no pensamento das persoas. **Que facer entón? A quen voto nas seguintes eleccións se non teño nin idea? O primeiro que temos que facer é informarnos. Buscar, buscar e buscar. Ler, ler e ler. Non podemos votar sen saber que e por que estamos votando iso. Analízao sempre dende distintos puntos de vista e tenta ser obxectivo, sen que as opinións te inflúan.**



Mozos e mozas, con estes datos, demostrade que iso de que os xoves non nos interesamos en política e de que somos os que non saímos votar é mentira. O noso voto é decisivo, nel está o cambio, e o **resultado vai influír directamente nas nosas vidas sempre**. De nada vale manifestarte máis adiante se recibiches con pasividade o momento no que tiñas a oportunidade de facer algo. Todos sabemos de política, porque a política son opinións. Se non votamos, os que imos vivir coa decisión que só tomaron uns poucos somos todos, non só os que escolleron. Tendo próximo un período cargado de eleccións, non valen os "todos son iguais", "isto non vai comigo" e "eu non sei de política". Habrá un partido para ti, un que te chame sobre o resto e que se preocupe polos mesmos temas polos que te preocupes ti, que comparta e defenda as túas ideas. Despois dun proceso de análise pode que te atopes con que non estás de acordo ao cento por cento co programa dun partido político, pero que sexa co que máis identificado te sintas. Adiante, nada é perfecto nin pode cambiar dun día para outro.

Pero que pasa se non atopas a túa voz, se pensas que ninguén te representa? Non é a mellor situación, pero antes de quedar na casa e non saír votar, vota nulo en última instancia. O voto nulo é todo aquel que leva algo

dentro do sobre a maiores, algo que sobra: podes meter dúas papeletas de diferentes partidos, unha papeleta con algo escrito que non debería estar aí, un obxecto, etc. Non se considera voto nulo se hai dúas papeletas do mesmo partido; iso sería un voto válido. Votar nulo simboliza que non estás conforme coas opcións ou co sistema. Este voto non se terá en conta no recuento final, non favorecerá nin prexudicará a ninguén.

É importante ter en conta tamén que se te abstés de votar, obviamente non hai voto, e polo tanto non se suma e non afecta ao resultado. Se votas en branco, aínda que tamén das a mensaxe de enfado e inconformismo, como explica a lei d'Hont, o teu voto favorecerá aos partidos grandes (ao incluír os votos en branco, os partidos pequenos necesitarán un maior número, e polo tanto unha maior porcentaxe, de votos para ser visibles; custaríalles máis gañar escanos).

Debemos informarnos e estar informados. Esa é a clave. O que vale é votar. Votar, si. Esta si é unha decisión que nos incumbe a TODOS. Non quedas na casa. Non vale lamentarse cando o mal xa está feito. Se de verdade pensas que a política non che afecta, por favor, recapacita, estás moi equivocado.

Emilio Cao

Vicente Abelleira Cambeiro

Ao falar de Emilio Cao, habería que falar do **Alan Stivell galego**, aínda que pareza algo raro. **Emilio Cao Losada** naceu en 1953 en Santiago de Compostela, é músico e compositor; e foi o primeiro en recuperar a arpa celta na Galiza dende a Idade Media.

Os seus comezos na música foron como baixista do grupo **N.H.U.** (xa fixen un artigo sobre esta formación), así como outros grupos coma **Brétema**, tamén estivo vencellado coma acompañante ao colectivo **Voces Ceibes**, e nese momento foi cando comezou a compoñer as súas primeiras cancións.

Despois de viaxar por Europa vivindo as súas experiencias como **emigrante e bohemio** a mediados dos anos setenta, regresa ao país, e nunha tenda que vendían artigos de segunda man merca unha arpa, e comeza a tocala de maneira autodidacta, sen ter un mestre quen o ensinara a tocar dito instrumento.

O seu primeiro traballo discográfico data de 1977, **Fonte do Araño** (distribuído por Zafiro), onde comeza a relacionarse con xente que interpretan este instrumento como a galesa **Elsie Thomas de Swansea e o bretón Alan Stivell**, así mesmo tamén estreitou lazos con músicos portugueses como os **Cantores de Abril**.

Na súa discografía destaca o gran interese pola cultura literaria da Galiza; é frecuente que musique algúns dos

poemas dos poetas máis importantes da nosa terra, coma Rosalía de Castro ou Manuel Antonio (a quen dedicou o traballo **Cartas Mariñas**). Tamén colaborou con autores vivos coma **Suso de Toro e Anxo Rei Ballesteros**.

Alén da dimensión entre a música e a literatura galega, están os múltiples traballos para o teatro galego nas representacións de Roberto Vidal Bolaño, Eduardo Alonso, Xulio Lago e Suso de Toro, así como diversas adaptacións.

Como músico, tamén ten colaborado con outros artistas coma **Ruper Ordorika, Fausto, Siniestro Total e Maite Dono** (esta última ten versionado algunhas das súas cancións máis coñecidas).

Discografía:

- 1º *Fonte do Araño* (1977).
- 2º *Lenda da pedra do destiño* (1979).
- 3º *No manto da auga* (1982).
- 4ª *Amiga alba e delgada* (1986). Reedición en 1998.
- 5º *Cartas Mariñas* (1992). Reedición en 1998.
- 6ª *Sinbad en Galicia* (1996). Reedición en 1998.

E para rematar, aí vai a letra do primeiro corte do seu traballo discográfico **Fonte do Araño**, a canción homónima "**Fonte do Araño**":

*Fonte do Araño
onde eu de rapaz
ó teu carón xogaba no verán*

*Auga da Freixa camiño
do meu fogar
Baixando pola veiga e polo val*

*Onde vai o teu rego onde vai
que eu teño sede e non o poido atopar*

*Fonte do Araño
o tempo pintou no chan
camiños que dan voltas sen parar*

*Onde vai o teu rego onde vai
que eu teño sede e non o poido atopar*





Na memoria de

JAVIER CASTRO PEDROSA

Tarás, 1968 — 2019

Colaborador da Plataforma contra o Viaduto de Langaño e construtor do “Altar da Paz” que, durante os días previos á Guerra de Irak, á cal nos conduciu o goberno de Aznar en 2003, recolleu, diante da capela da Serra, os rogos dos outenses pola Paz e contra a Guerra.



FOTO ANTIGA

Unha paradiña!

Considerando neste breve intre de tempo, neste anaquiño de pensamento caduco en si, conxelado no momento-tempo exacto da “flaxelada”, dinos moito máis do que a primeira ollada nos podería contar... O romanticismo... poetas, canteiros, xastres, fillos vinculeiros a mercé de... de quen?? Algo parecido a deixar correr a auga polo canal da desesperanza, mais ti deixa ir... Adeus, meu!!

Amósanos a forza da vida concentrada nunha dorosa Atlántida agonizante na procura dun mar calmo e á vez místico na súa simpleza, característica chea de ocasos e mariñas dominantes pedindo soños feitos entre angustias caducas...

Actitude!, é para fixarse na actitude... As miradas acentuadas pasan a un plano esquecido, de dubidosa claridade, entre notas apagadas e sorrintes, que non deixan escoitar unha verdade clamorosa doente por calar todo o que leva dentro... Esperaban algo mellor, pode que si, de seguro, mais o día esgótase e mañá volverá a rutina suenta e mosquiteira... Unha xornada e outra.

Mais a claridade do día devolve o senso e coa mesma volve amosar os luceiros racionais que nunca perdemos, aínda que os tiñamos esgotado por completo xunto coa súa fermosura... Hai esperanza nun mañá mellor, rezan para dentro... Que si que a hai!!

Xastre



TESE DOUTORAL

Exposición de Tese

O pasado 25 de xaneiro, na facultade de Económicas de Santiago, o socio de Terra de Outes **Adrián Dios Vicente** expuxo a súa tese doutoral *Historia de Unión Fenosa no marco do sector eléctrico 1982-2008. Evolución empresarial, financeira e impacto do marco regulador cualificada cun Sobresainte cum laude* por parte do tribunal examinador.



Tempo de vender a burra!!

Os intres que nos ocupan poden acabar complicados, pois os tempos que os envolven, tamén poden acabar así... *Complicadillos* para os interesados... Amais que si...!!

Cínxense as horas para convencer a quen non se deixa, cambios no guiño... imprevistos de última hora... e que sei eu... Os días vanse esgotando, mingando día a día, cadencia insubornable, para todos... Máis para uns que para outros, de seguro... Chega o momento de vender as ofertas 2x1 a ver se cola... e ten que colar, pois hai moito en xogo, a subsistencia, o futuro de cadaquén, a boa vidiña está en xogo.

Hai moito que explicar, despois de tanto farolear coa apostila de "pór en valor" isto, aquilo e o máis aló... soa ben mais o custo de todo iso que?? Quen o sabe... un exemplo sería saber cal foi o custo do antigo estaleiro e agora alpendre de Ciprián, p.e., co que se fixo o concello, mesmo chegando á praia de Broña. Canto houbo que apoquinar por uns cantos largueiros de madeira e catro tellas podres... e todo para un ben común... mais canto lle custou ao concello, cantos miles de euros? Ou pagou todo o montante a mina sen fondo que parece ser o Galp?, que tanto arranxa alpendres como sementa cabaniñas por doquier, a tipo cero ou menos cero se pode ser!! Así calquera vai para riba, non hai nada coma ter boas amizades.. Xa che digo, diría máis dun!! E saberémolo algún día? Quen sabe?...

Explicacións, as mínimas dende o consistorio, filloas por aquí, orellas por alí... pois son tempos de explanarse coa verborrea típica preelectoral, sexa o partido que sexa, sen distincións, pois á hora do voto... que debe ser algo sagrado... todos a morte! *Operación distracción!*... Nada por aquí, e menos por alí... Pardillos!!

Vale a pena perder o tempo, pasando a man pola chepa a todo quisque, pois á hora da verdade é a única maneira de empezar a perpetuarse no sillón, iso si, de catro en catro anos... e cando nos deamos conta levaremos cen anos co mesmo sino gobernando ou mal gobernando o concello coas ovellas seguindoos na súa extensión... e non pasa nada. Debemos ser dos poucos concellos que non cambian de cor política por acojone do persoal votante... Patético!!

E que dicir do sitio máis idóneo para un tanatorio, deixando á parte o fiasco chafulleiro das ruínas que nos quedan á vista de todos como recordo dunha mala xestión... por dicir algo pouco ofensivo...

Pero non haberá en todo o concello un sitio, mira que hai sitio libre..., onde non moleste aos veciños, sen casas cerca, que xa é outra, ou non se aprendeu nada? En tal caso que o poñan ao lado da casa da alcaldesa, ou dalgún concelleiro e a ver que lles parece...!! A algún que outro negocio decadente igual lles parecería ben telo preto das vivendas, mais só é iso, mera decadencia mental!...

Coa mesma seguimos vendo o persoal do concello divertíndose, pois non é para menos, e falamos da pandilla de enchufados e enchufadas que case son maioría, pois o amiguismo sempre foi un punto a favor de quen tiña esas amizades... Valentes hipócritas!, e aí andan e mesmo podes ver un fillo que seu pai era votante do BNG, por exemplo, e que acabou enchufado por amizade co rexedor. Mais aí non hai prexuízos. Non, que o meu fillo vale moito, dirá!! E non hai máis que velos polas rúas... É patético... Ou tamén daquel que mete o fillo na Chunta de Galicia e 30 anos despois les na prensa que a ese mesmo enchufado, tal como el asevera, lle fora dura a oposición pero que valeu a pena o estudo... E un pensa: hai que foderse!!... ademais de hipócrita...

E suma e segue!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Fochancas históricas nas beiravías da Avda. do Rocío.

ASÍ TAMPOUCO ...



Chanzos irregulares ao lado do monumento a Añón... Cando alguén se magoe...!!

NIN DE COÑA...



Plásticos, resto de lavadoras... Na pista de acceso á noutrora fábrica de Moledo, en Vistalegre.

Facendo por quedar no medio rural

Vicente Abelleira Cambeiro

"Eu son a Cachorra. Unha vaca. Pero non unha vaca calquera. Son unha vaca marela. Unha rubia galega. Unha vaca da casa, agora enxermada e marota. Aos meus 30 anos, vivín moito e vin moito máis e aínda miro co costume de enxergar. Nacín da Linda na Corte de Abaixo da Casa do Cabanelas da Lucenza. O meu pai era o Navarro, un boi dos caseiros do Catelo"

Afonso Eiré, *Memorias dunha vaca marela*.

No número anterior da revista de **TERRA DE OUTES**, falei do despoboamento do medio rural e dos problemas que causaba o citado despoboamento; hoxe volvo ao medio rural, pero con receitas para poder ficar nel.

Unhas das receitas é que ten que haber centros de formación para que os xoves poidan aprender unha profesión para poder ter un posto de traballo acorde coas súas capacidades. Xa o meu veciño Domingo Sendón Rodríguez escribía no libro *De Outes a San Telmo*¹ o seguinte: *"Desde los vecinos indiferentes, a los más entusiastas, muchos de ellos extintos, hemos considerado los beneficios que aporta un grado más de conocimientos para la lucha por la vida, por eso, al llegar a esta conclusión lógica, hace unos veintiún años -¡qué tiempo apreciable si fuera aprovechado!-, un núcleo regular de socios éramos partidarios de dar cumplimiento a la ordenanza del magisterio, la que exigía la reforma del edificio, sin cuyo requisito no funcionaría la escuela graduada"*. Isto xa o dicía no mes de marzo de 1953, e aínda estas verbas teñan toda a validez de hoxe en día, cando vemos pechar Centros de Ensino e Formación. Como menciona a xornalista Ester Vázquez no medio dixital *Que pasa na Costa* o 05-02-2019: *"Año a año nos diferentes concellos da Costa da Morte vanse erguendo voces que falan de peches de unidades escolares, descenso nas prazas de docentes. As familias vemos como nalgún cole curso tras curso se van reducindo unidades e agrupando aulas. Algunha ANPA mobilízase, o alumnado organiza folga tras folga, as direccións dos centros negocian con unllas e dentes cada fin de curso os recursos para o ano seguinte... Con todo, bótase en falta unha análise que dea un panorama real da situación"*. Por non mencionar o que fixeron co Navasqués nun consello da Xunta de Galiza con nocturnidade e maldade, botando por terra os soños de moitos emigrantes de Outes, que estaban e están en Bos Aires.

Pero para quedar no medio rural, os medios de produción do agro galego, teñen que ser rendibles, nunca se deben vender por baixos os custos de produción, tal como menciona o xornalista Afonso Eiré López en *A Nosa Terra Dixital* o 28-01-2019 onde titula o comentario de **"A ruína**

do agro galego, comparanza de prezos". Neste artigo fai mención a cando se creou a Central Agropecuaria de Galicia en Silleda polos anos oitenta, que como ben define textualmente Eiré: *"...que na década dos oitenta pagábaselle máis por un litro de leite que agora..."*; ou sigue tamén con outro exemplo: *"E non falemos do que valía un becerro "cueiro" para a recría. Ou un xato. A súa venda arraxaba a economía dunha casa"*. E no tema do leite di o seguinte, que non ten desperdicio, e vouno poñer tal como está escrito: *"Sen dúbida a produción láctea foi o motor do agro galego. A produción láctea multiplicouse por 4,3 desde o ano 1977 ao 1992, superando a toda a produción agraria. No ano 1980 o 35% das explotacións só tiñan unha ou dúas vacas, 3-4 vacas eran o 32%, de 5 a 8 vacas, supoñían o 27%. Só tiñan máis de oito vacas o 6% das explotacións. Os anos oitenta, foron os anos dourados da produción láctea galega. Os prezos variaban, segundo as explotacións e as empresas de recollida, pero chegouse a pagar o litro de leite a máis de 30 céntimos de euro. Aínda que a media situábase nesa década nuns 25 céntimos. Hoxe, aínda que o custo de produción estímase nuns 30 céntimos, polo aumento do prezo dos pensos, combustíbel, electricidade, maquinaria..., o prezo medio do leite ao gandeiro galego nos últimos tres anos non supera os 28,6 céntimos/litro. O mesmo que na década dos oitenta! Galiza é na comunidade que menos o pagan. Pola contra, en Andalucía, onde o prezo é máis alto, pagárono a*



36 céntimos litro. A media da UE foi de 37,77 céntimos de euro litro.”

Se isto está ocorrendo, é normal que as aldeas queden en situación de abandono total, tal como denuncia *Praza* o 27-01-2019, máis de 600 aldeas foron abandonadas en Galiza, con peches de explotacións leiteiras, ou que só queden octoxenarios nas citadas aldeas, para despois ollar novas como esta: “*El final del año está siendo especialmente trágico en el campo, aunque el último accidente, ocurrido este sábado en Castro de Cabras (Lalín) lo es aún más, ya que dos hermanos, de 82 y 73 años, fallecían al volcar el tractor que conducían y quedar atrapados bajo el mismo. Se da la circunstancia de que el vehículo agrario no tenía dispositivo antivuelco*”; así o puña *Agroinformación* o 31-12-2018. *Que sexan os nosos vellos os que teñan que tirar da agricultura, cando a xente moza está na cidade buscando o sustento, dado que o agro non lles dá para máis, pola desidia dos nosos gobernantes...*

Para rematar este artigo fareino con estas verbas do noso Castelaio, como describía o que era a vaca: “*A vaca é símbolo da paz. Val máis o que significa unha vaca que o que simboliza un león rampante. Xa o dixo un dos nosos economistas: “O albre xenealóxico d-unha vaca de leite é máis útil que o albre xenealóxico d-un aristócrata. A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne dos seus fillos. Non-os pode dar máis. O can será o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños. En troques a vaca é o amparo dos probes libres. Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os “concursos de Belleza”. A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila. As “señoritas” que choran pol-a morte d-un can ridículo non comprenden a door d-unha familia labrega cando se lle morre unha vaca. Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cibdades morreríase deesnutrida. A vaca é a ama de cría da Humanidade. O día que nós emitamos papel-moeda non estamparemos n-él o retrato dos políticos, nin de sabios,*



nin dos artistas; estamparíamos, somentes, a figura d-unha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída. O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento c-unha vaca en bronce dourado. Tamén hai razas de vacas, e a mellor é a nosa. O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida.”²

1. *De Outes a San Telmo*, Domingo Sendón Rodríguez, Producciones Gráficas, 1993, Buenos Aires (Arxentina), páxina 20.

2. *Sempre en Galiza*, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Akal Editor, (4ª edición)1994, páxina 135-136.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/

O poeta que máis prezou a Añón

Ramón Blanco

Tendo como tivemos o privilexio de encargarnos da reedición do poemario *De Outes a San Telmo*, que se presentará na Serra de Outes o día 11 de maio, non podíamos deixar pasar a ocasión de lembrarmos algúns textos nos que o autor dese libro, o emigrante Domingo Sendón Rodríguez, homenaxeaba ao seu ilustre veciño outense. Estamos a falar dunha obra testamentaria, publicada na fin da longa existencia do poeta: nacido na aldea de Outes en 1897 e falecido en Buenos Aires en 1994, non deu á imprenta este conxunto da súa produción, os textos de toda unha vida, até 1993. É unha opción ben respectábel, sobre todo tendo en conta que por volta dos dezaseis anos (en 1913) xa ten algunha estrofa composta, mais será sobre todo poeta na vellez. Interéanos resaltar que en 1954 escribe o seu primeiro poema en galego coñecido: "Motivo e sentimento outense".

Volvendo á apoloxía añoniana acometida por Sendón, xa temos tratado algo o tema noutros lugares, mais sobre todo centrándonos no seu papel de activista cultural, como artífice da colocación dunha placa na estatua de Añón en 1978, conmemorando o centésimo cabodano do poeta, cuxa figura e obra difundiu entre os outenses das dúas beiras do Atlántico.

De feito, en 1925, cando viaxara por primeira vez de Arxentina a Outes, para contraer o primeiro matrimonio, xa trouxera a placa que hoxe figura na fachada da casa de Añón. Foi Sendón o maior enlace cultural que tivo o noso concello coa "Asociación Unión de Residentes de Outes en Buenos Aires" (da que era alicerce imprescindible), entidade que tamén promoveu a estatua do poeta de Boel, erixida en 1966, e mais a outra placa (1968) que figura neste monumento, e que debeu traer el mesmo nunha segunda viaxe ao terriño a principios dos setenta. Mais non rematan aquí as homenaxes.

O mesmo ano do centenario do noso precursor, aparece na revista social da institución (onde ocasionalmente ofrecía os poucos textos que decidía editar) a que talvez sexa a súa colaboración máis emblemática, no que se refire á memoria añoniana: o artigo "Centenario del fallecimiento de Añón" canda o poema "Un outesán que compreu un século no recordo", datados ambos o 20 de abril, día da morte do boelo. No volume *De Outes a San Telmo* publicouse esta composición entre dúas dedicatorias circunstanciais, á hora de regalarlle senllos libros de Añón a dous amigos: "Dedicatoria al Sr. Joaquín Fernández" (a pesar do título está en galego; foi composto en decembro de 1977) e "Dedicatoria as Poesías de Añón" ("Pro distinguido noiés Sr. Don Eduardo R. Sánchez Millares", o 12 de xuño de 1981).

Nalgunha ocasión gustará de recalcar o seu paralelismo, como emigrante, co vate de Boel. É o caso dun breve poema titulado



"Manda de un boelo" (17-6-1983). Mesmo chega ao punto de facer unha especie de versión propia de "Alma en pena" ("A Pantasma") en "Quen canta a deshora bota o medo fora" (24-4-1983). En "Pena de Cambeiro" (19-12-1981) fai un brinde natalicio de confraternidade en homenaxe á terra que Añón quería ver antes ca ir ao ceo. Comeza "Verselladas sobre unha tradición boela" (escrito polo San Xoán de 1985) con estes versos: "Os do lugar de Boel,/ chámanlles da agua tola"; a evocación desta aldea terá forzosamente un recordo do seu poeta. Mais antes xa deixará aquí e acolá outras alusións. A primeira en galego atopámola en "Refleucions Necroloxicas" (13-12-1964), elexía ante a tumba do amigo Caamaño, compañeiro na directiva da Unión de Residentes e amante tamén dos versos de Farruco Añón.

Outro poema singular é "Añón consagrado po lo Parnaso" (31-12-1966), con motivo da recente homenaxe co Día das Letras Galegas e o busto erixido para a ocasión, que compite en importancia co que escribirá para o centenario, polo menos dos compostos en galego.

Porque en canto aos poemas en castelán (publicou en proporción similar nos dous idiomas), glosou fermosamente a importancia histórico-literaria de Añón en "Horizontes nativos. Amor perenne de nuestro bohemio" (18-12-1971).

Tamén a paisaxe outense que inspirou ao bardo boelo, en "Reflexión matinal en la margen de un río Orfeo" (20-7-1972; dedicado ao profesor Claudino Pais). Un poema relixioso, case místico, "Dios - Todo es el misterio", sitúanos a Añón á par do filósofo Spinoza, como sabios que coñeceron a verdade divina. Sempre amigo de agasallar aos amigos con versos saídos da súa pluma, no "Festival outense en Buenos Aires - 2 de octubre de 1998", no brinde ao señor Sánchez Millares (outra vez este noiés) agradécelle a ponderación que fixera da "vernácula rima" do precursor.

Ademais de ser forxador da memoria inmóbil constituída polos monumentos, en pedra e bronce, foi Sendón un gran responsábel da memoria móbil de Añón, en papel, a constituída polos libros. Ademais dos versos escritos en homenaxe, vimos de ver como difundía a obra do seu ilustre veciño entre as amizades. Así tamén lle regalou a súa memoria oral a Xosefina López de Serantes cando esta escribía *Vida e morte dun poeta. Biografía de Francisco Añón Paz* (1986).

Imaxinamos a Sendón Rodríguez como nolo describiu Ana María, a súa filla, no prólogo da reedición do poemario: "sempre vexo a meu pai lendo, escribindo ou reunido cos seus paisanos de Outes". Por esta dedicación estarémolle sempre agradecidos, por ser o poeta que máis prezou a Francisco Añón. Vémonos o 11 de maio.